



ANUNCIO

Extracto dos acordos adoptados pola Xunta de Goberno Local do Concello de Marín, na sesión ordinaria que tivo lugar o **día 12 de setembro de 2018**.

1. Apróbase o borrador da acta da sesión ordinaria do 5 de setembro de 2018.
2. Concédese licenza de obras para ampliación de vivenda realizando un novo acceso á mesma na edificación no lugar de A Grela, nº 20, San Xulián, Marín.
3. Concédese licenza de obras para a construción dunha vivenda unifamiliar na Calella Matos, D3, Marín.
4. Dáse conta da concesión de subvención, pola Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader) ao Concello de Marín, ao abeiro da medida Leader do PDR de Galicia 2014.2020, convocatoria 2018-2019, submedida 19.2, con destino á execución do proxecto “Web&App Turismo de Marín”, por importe de 19.500 euros, correspondente ó 65% do orzamento do proxecto.
5. Dáse conta da modificación das bases reguladoras e convocatoria de subvencións para a creación e/ou mellora das infraestruturas, dotacións, instalacións e equipamentos vinculados á prestación de servizos municipais, destinados a concellos de Galicia para o ano 2018, da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, no relativo ao prazo de execución e xustificación dos investimentos.
6. Establécese o prezo público correspondente ás Escolas Deportivas Municipais 2018-2019, fixándose este en 40 euros por praza.
7. **Rogos e preguntas.** Non se formulan.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, decidiu tratar pola vía de urxencia o seguinte asunto:

1. Apróbase o expediente de contratación da obra “Mantemento da estrada rural Chan de Piñeiro-Candóns”, cofinanciada polo Plan de Mellora de Camiños Municipais 2018-2019, da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader).

A ALCALDESA-PRESIDENTA,

María Ramallo Vázquez.

La autenticidad de este documento se puede comprobar con el código 07E200023BD800B2S2H7P0N2C2 en https://sede.concellodemarin.es	FIRMANTE - FECHA	DOCUMENTO 20180146392
	MARIA PILAR RAMALLO VAZQUEZ-Alcaldesa - 19/12/2018 serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 19/12/2018 10:37:25	Fecha: 19/12/2018 Hora: 10:37